

ADAPTACIÓNS OU CAMBIOS. A SALA DO MAR DO MUSEO DO POBO GALEGO¹

FÁTIMA BRAÑA REY

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

The Museo do Pobo Galego (Galician People Museum) opened in 1977. Since then it has been shaping rooms with different themes, but always within its objectives: to show the several faces of the Galician culture. Due to its extension and importance within the museum, we should point out the 'Sala del Mar' (The Sea Room). This article is an attempt to describe how the contents of this room have been organized and which variables were at play in this process. Our analysis starts with the changes that the room has undergone relating them with the evolution of the concept of museum as a whole.

O Museo do Pobo Galego abriu en 1977. Desde esa altura surgiram salas subordinadas a diferentes temas mas sempre cumprindo un mesmo obxectivo: mostrar as diversas faces da cultura Galega. Debido ao espazo ocupado e à sua importância dentro do museo, torna-se relevante dar uma atenção particular à sala do mar. Este artigo pretende descrever a forma segundo a qual os elementos desta sala foram organizados e quais as variáveis que se tiveram em consideração nessa mesma organização. A nossa análise revela as mudançás que tiveram lugar na sala do mar relacionando-as com a evolução do conceito de museo como um todo.

1. INTRODUCCIÓN

Presentamos con estas páxinas un traballo de investigación sobre a Sala do Mar do Museo do Pobo Galego. O noso obxectivo é tratar a evolución da sala e as características dos cambios que sufriu ó longo da súa existencia.

Escollimos á Sala do Mar por entender que, na evolución do Museo, este espazo foi obxecto de grandes cambios e, sobre todo, a pioneira na forma de articular as montaxes expositivas do Museo, así como pola importancia que se lle dá dende o mesmo Museo. A pesar de non ser unha das primeiras salas, contou cos primeiros adiantos encanto a recursos expositivos coma paneis con debuxos, textos e pezas integrados no mesmo plano, a primeira reinstalación global dunha sala e a instalación dunha pantalla de vídeo interactiva.

¹ 1 Agradecemos a colaboración, orientación e axuda da Dirección e do persoal do Museo que nos facilitou os datos nos que se basa o traballo que presentamos a continuación.

As nosas fontes de información parten do propio Museo. Centrámolos nas memorias anuais de actividades, nos fondos da biblioteca e nas publicacións do Museo. Por outra parte, axudarémolos de diferentes teorías sobre a concepción de museo así como, da información optida de entrevistas e charlas con persoas vinculadas, de diferentes formas, co Museo.

A parte de describir a evolución da sala, quereamos explicar as características dos cambios que se produciron. Tamén tentaremos establecer a orientación dos cambios en relación cunha forma específica de xestionar a exposición, e por outra banda, valorar a dependencia da xestión e da montaxe coa adopción dunha ou outra definición do que é un museo.

Os cambios nas exposicións poden ter dous axentes ou factores fundamentais: os externos que atenden á necesidade de incorporar adiantos técnicos que faciliten as tarefas derivadas da nova montaxe (traslados, seguridade, conservación, ...) e os factores

internos cos cales se busca unha maior capacidade comunicativa da montaxe a partir dos conocimientos museolóxicos que xa se tiña con anterioridade á nova montaxe. (Hernández, 1994: 202) Esta definición permitiranos clasificar os elementos móbiles ó longo da historia da sala en función de variables museolóxicas e museográficas.

A nosa intención no análise da sala e comprobar ata qué punto os cambios que experimentou poden atribuírse as afirmacións que aparecen nos manuais de museoloxía sobre a ampliación do concepto de museo. Basicamente pasouse da idea de obxecto cun valor intrínseco á valoración do obxecto coma documento e reflexo dunha sociedade e unha cultura.

2. A CONCEPTUALIZACIÓN DO OBXECTO

A noción de museo como panteón ou cemiterio de obxectos en desuso vai deixando paso, a partir do segundo tercio deste século, a unha concepción de museo como un elemento máis no diseño de políticas culturais integrais. O cambio ven a resaltar a importancia do suxeito fronte ó obxecto. Esta nova idea do que debe ser un museo plásmase na lexislación e nas directrices que marca o ICOM. Este organismo internacional, en sucesivas Asambleas (1947,

1974, 1989), vai ampliando o concepto de museo e as súas funcións básicas de forma que garantan a utilidade pública do museo cara á sociedade. En 1989, o museo queda definido coma "Institución permanente, sin fines lucrativos, al servicio de la sociedad que adquiere, conserva, comunica y presenta con fines de estudio, educación y deleite, testimonios materiales del hombre y de su medio"².

Para obter unha idea máis clara do que ímos buscar na sala confeccionamos a seguinte tabla a partir dos manuais e textos teóricos de museoloxía nos que aparece a evolución dos conceptos de museo e coleccionismo.

A hora de aplicar este cuadro é importante ter en conta que resume tipos ideais de museo co cal a súa aplicación ó caso específico que nos ocupa sempre consistirá en aproximacións ós distintos tipos.

MUSEOS	DECIMONÓNICO	DIDÁCTICO	INTERACTIVO
Características			
Disposición de los objetos	Estática y aislada	Conjuntos significantes	Móvil
Criterios de ordenación y agrupamiento	Estéticos el objeto debe ser original, prima su valor intrínseco	Científica, prima la difusión del significado y la enseñanza de los contenidos	Significado original, eliminación de la mediación y construcción científica
Funciones a desempeñar	Adquisición Conservación Científica	Difusión, Educación Conservación Científicas	Difusión Disfrute
Población destino/ Accesibilidad	Erudita y poderosa / Restringida	Público/ Limitada	Usuarios
Propiedad de los objetos/ Titularidad	Propiedad estatal	Pública o privada	Comunidad productiva de los bienes museales/ Patrimonio colectivo

² F. Hernández. *Manual de Museología*. Síntesis. Madrid, 1994. pax 69. 16 Asamblea General del Consejo Internacional de Museos, 1989 Título2, artículo 3.

Para confeccionar este esquema simplificamos á evolución do coleccionismo en función das variables que nos manuais se resaltan coma significantes de novas etapas de evolución. A temporalización ven tamén pola asociación de determinados períodos históricos cunha serie de características que se evidencian nos museos da época. Así o didáctico aparece vinculado, polo xeral, á primeira metade deste século e na transición, a partires da II Guerra Mundial, cara ó museo dialóxico do futuro. (Seixas, 1997:33)³

Na confección desta tabla recollimos o concepto que manexa Zunzunegui ó afirmar que “La socialización museística traerá cambios radicales. Así, acumulación, heterogeneidad y desorden son substituídos por recorrido, orientación y orden. Ya no se trata de cegar la mirada del espectador, sino de llevarla a percibir un sentido. (Zunzunegui, 1990:39)

Otra cuestión importante na tabla é que a conceptualización dos obxectos ven da máan da evolución dos criterios expositivos. Se nun primeiro momento a contemplación do obxecto era á función básica da colección pásase á ordenación das pezas en función de criterios coma tipos afíns, cronoloxía ou cercanía xeográfica. Tamén aparece a selección dos obxectos diferenciando as pezas principais, que deben exhibirse, das que teñen un valor secundario. Por último, aparece a contextualización dos obxectos expostos en conxuntos sigificativos que reproduzan características de produción ou uso dos mesmos.

3. ANTECEDENTES

No ano 1969 aparecen case que simultaneamente distintas iniciativas cara á creación de museos etnográficos de temática mariña: o *Museo Provincial del Mar* en Cervo (Lugo) e o *Museo Marinoero o de las Artes de Pesca* en Combarro (Pontevedra). Ambolos dous museos pasaron a ter unha titularidade pública. O mesmo destiño agardou ó *Museo Massó* de Boeu aínda que cunha traxectoria ben diferente.

O Museo Provincial del Mar naceu da iniciativa dun particular aproveitando a colección de aparellos e cunchas mariñas que reunira na súa laboura docente. Créase baixo o patrocinio da Deputación de Lugo xestionado por unha *Junta Rectora* integrada por representantes das distintas institucións estatais, provinciais e locais que no momento tiñan algunha competencia na materia. Nas bases da súa fundación aparecen coma fondos propios do museo “..., utensilios, artificios y aparejos de pesca tradicionalmente usados en la Costa Lucense, ..., obras de arte e objetos historico-artísticos relacionados con el Mar...” e “... documentos que por su poder evocativo y calidad merezcan ser expuestos ...”. (Proposta para a Creación do Museo Provincial del Mar. San Ciprián - Lugo, 1969.)

O *Museo Marinoero o de las Artes de Pesca* naceu cun Real Decreto no que se creaban outros dous museo etnográficos locais, un en Ribadavia (Ourense) e outro no Cebreiro (Lugo). Na proposta que se enviou á *Dirección general de Bellas Artes* (Madrid) aparece que “El Museo recogerá, además de las muestras representativas de la vida colectiva y pública y de la vida familiar, doméstica y privada, costumbres, tradiciones, fiestas, danzas, ritos,

³ O modelo de museo interactivo que se expone no cadro está relacionado co que o autor denomina museo dialóxico caracterizado por ser o museo das linguaxes e dos suxeitos.

trajes, etc., las distintas variedades de aparatos y utensilios empleados en las Artes de Pesca.” (Chamoso,1974:39)

Lamentablemente as expectativas destas institucións e tan loables propósitos foron mermadas cos anos. O Museo Provincial del Mar pechou ás súas portas e quedou á custodia dos veciños que conseguiron nova atención das institucións públicas a partir do ano 1992. O museo de Combarro tivo peor destino e, na actualidade, non se coñecen os seus fondos porque non chegou a abrir.

Finalmente, as coleccións etnográficas relacionadas co mar, precedentes á Sala do Mar do Museo do Pobo Galego, quedan expostas coa reseña do Museo Massó creado con anterioridade⁴ por iniciativa da familia Massó e que en 1993 pasa a xestionar o goberno autonómico galego, quen encarga unha renovación na montaxe expositiva e nos fondos compostos, ata entón, por pezas de ecoloxía, etnografía marítima e arqueoloxía industrial.

Nembargantes, tra-la creación do Museo do Pobo Galego (1977) atopamo-las denuncias de profesionais vencellados ós museos sobre as carencias do panorama museístico galego. Dentro das distintas clases de museos, Galicia coma o resto da península, será pois especialmente deficitaria en museos rexionais de etnografía. A súa vez, o mundo do mar, as embarcacións e sistemas de pesca tradicionais principalmente, percibíase coma tema marxinal fronte ós diferentes e amplos estudos

etnográficos levados ó cabo nas zonas do interior galego.

... en el Proyecto de este Departamento Marítimo (no Museo do Pobo Galego) no se contemplaba solamente el rescate y la conservación de viejas embarcaciones tradicionales. Estaba también prevista la apatía e indiferencia que existía en el NW Peninsular hacia la historia y la arqueología naval. (Alonso, 1987:305)

.... la Sala del Mar debería ser, en realidad, un museo marítimo. Absolutamente necesario para Galicia, por que ... la mayoría de los estudios etnográficos que se han hecho en Galicia son sobre la vida en el campesinado muy poquitos sobre la vida de los pescadores, a pesar de que Galicia, si le debe algo a sus habitantes es a los pescadores son los que han abierto Galicia al resto del mundo y eso no se ha estudiado. (Informante membro do Patronato do Museo)

Con este panorama, primeiro unha realidade marítima importante na sociedade galega e cun peso específico na tradición e como referente económico e social e, segundo, un panorama museístico que non reflexa esta importancia, a Sala do Mar veu a paliar, nun momento determinado as carencias que sobre este tema se sentían dende unha parte da sociedade galega e, sobre todo, reclamada por parte dos etnógrafos que se adicaron a este tema nese momento⁵.

4. CONTEXTO: O MUSEO DO POBO GALEGO

A personalidade cultural de Galicia precisaba dun lugar no que se poidese coñecer e estudar como un

⁴ O museo Massó creouse cos fondos pertencentes a familia Massó propietarios de industria de salazón e conserveira a partir de 1816. Para máis información F. Alonso Romero “Los museos marítimos de Galicia: La sala do Mar del Museo do Pobo Galego” en *Lucerna* 2ª serie - Vol II. Porto,1987.Pp: 301- 307.

⁵ En 1979 créase a GANNO, Grupo de Arqueoloxía Naval do Noroeste, como apoio para levar ó cabo as tarefas do departamento marítimo do Museo do Pobo Galego. Na súa primeira xuntanza plantexábase a necesidade de”.... promover o estudo das embarcacións galegas tradicionais tamén o estudo das comunidades marítimas dos pecadores...”

conxunto sistematizado. O Museo do Pobo Galego nacia, pois, cunha obriga moi concreta: a de recoller todos aqueles elementos da cultura material e espiritual que se están perdendo ou transformando, para conservalos e coñecelos, non como simple afán de erudición, senón para explicar mellor a realidade presente e poder axudar así a plantexármonos o noso futuro colectivo. (Museo do Pobo Galego, 1987:10)

O esquema de funcionamento do Museo e os seus obxectivos son fundamentais para explicármonos as actividades que se levaron ó cabo nos anos de existencia e, sobre todo, para analizar o significado e estrutura das salas de exposición permanente.

Dende comezos do ano 1976 o Convento de San Domingos de Bonaval recolle os traballos para montar o primeiro museo etnográfico de Galicia, un proxecto que viña fraguándose dende moito tempo atrás a partir das exposicións organizadas pola Sociedad Económica de Amigos del País (1884) e do Seminario de Estudios Gallegos (1923) entre outras institucións.

El 29 de octubre de 1977 se inauguró en el antiguo convento de Santo Domingo de Bonaval, en Santiago de Compostela, el Museo do Pobo Galego, que venía a hacer realidad las ideas y afanes que desde el siglo pasado habían mantenido destacadas personalidades gallegas de tener una institución que recogiese las distintas muestras de la cultura tradicional de este pueblo. (Lema e Cerviño, 1997:25)

O Museo do Pobo Galego abreu ó público con salas adicadas ós oficios de cestería, tecidos e cerámica. Nove meses despois, o vintecinco de xullo de 1978, inagúrase a Sala do Mar xunto con outra sala de oficios adicada ós zoqueiros e follalateiros. A montaxe das salas no Museo foi indo pouco a pouco en función das obras de rehabilitación e dos recursos dispoñibles. Hoxe

o Museo conta coa Sala do Mar, el Campo, catro adicadas a Oficios, a do Traxe, Instrumentos musicais e Hábitat e Arquitectura. Dúas salas de pintura e unha de escultura acollen a colección de artes plásticas en formación. E “se encuentran en programación las salas de antropología social y de historia, y sucesivamente se abordarán las dedicadas al medio natural y a la ciencia y el pensamiento.” (Férmendez Cerviño, 1996)

Deste xeito comprobamos que a evolución do Museo foi rápida e, aínda hoxe, está en proceso de consolidación na medida en que hai proxectos para montar catro salas máis e mellorar as existentes. Neste sentido O Museo do Pobo Galego, dende os seus comezos, tivo moi claro que a súa vocación era a de integrar as actividades propias dun museo coas de investigación e difusión acollendo diferentes iniciativas sempre en relación con Galicia e dende diferentes disciplinas.

“O Museo do Pobo Galego non quere nen pode ser un simple arquivo arqueolóxico do noso pasado. Ten que ser unha entidade dinámica que acolla no seu seo unha síntese da cultura galega nas súas diversas facianas. Unha institución que recolla e que conserve esa cultura, pero que supere o ámbito museolóxico tradicional, que a estude cientificamente e a divulgue. Como labor último terá o de salvar aqueles aspectos éticos, sociais e materiais que non impidan a dinámica cultural, senón que, pola contra, a enriquezan.” (O Museo do Pobo Galego. Dez anos de traballo 1977 — 1987. Ed. Museo do Pobo Galego, Santiago, 1987.)

O seu talante innovador non só abrangue os seus obxectivos e a forma de levalos ó cabo senón que a súa propia estrutura interna tamén atestigua o interese dos membros en que a institución aglutine as diferentes iniciativas culturais en Galicia. A constitución dun

patronato como máximo órgano rector e a figura dos socios con representación na Xunta Rectora garanten eses propósitos.

A estrutura organizativa da institución consta, a grandes rasgos, de tres planos: o Patronato, máximo órgano rector, a Xunta Rectora, que é o órgano executivo e o plano técnico, integrado pola Dirección e cinco seccións: Antropoloxía, Historia, Medio natural, Arte, e Ciencia e Pensamento. (Guía do visitante, 1995: 3)

O Patronato está formado por persoas significativas no mundo da cultura e institucións e empresas que teñan esta característica ou ben destacaran polas súas aportacións á cultura e sociedade galegas. Dende o Patronato, e cunha representación dos socios do Museo, sae a Xunta Rectora que será, xunto coa dirección e o equipo técnico, os encargados de levar ó cabo a xestión do Museo.

A plasmación das ideas do Museo e a súa tarefa comenzou con actividades relacionadas coas salas e agrupadas en salas permanentes (con todo o que conleva a montaxe de exposicións, recollida de materiais, inventario, documentación, etc.), exposicións temporais, actividades científicas e divulgativas (congresos, xornadas cursos, edicións de actas, ...), aumento e especialización de servicios museísticos (biblioteca, arquivos, almacéns visitables,).

Superando el modelo de galería de exhibición de obras de arte o curiosidades y sentada la premisa de procurar la relación entre un museo rigurosamente nuevo en Galicia y la sociedad en la que se implanta, se definieron de varias vías para verificar esa comunicación: montaje de salas permanentes, programa de exposiciones temporales, organización de actividades científicas y divulgativas, creación de servicios museísticos públicos y privados. (Fernández Cerviño, 1997)

Todas estas actividades ó tempo que as reformas para a rehabilitación do edificio e a

montaxe de novas salas fóron conformándose ó longo dos vinte anos de traballo.

A insistencia da continuidade nos traballos a partir da distribución dos recursos dispoñibles, e en función dos momentos coyunturales polos que pasou o Museo, é reiterativa nas memorias anuais e noutros escritos do Museo. A carencia dunha financiación estable e definida fan que a dotación de persoal e as necesidades para levar ó cabo proxectos quedaran postergadas en función dos recursos.

... las fuentes principales de financiación: el Patronato, ..., los socios y los patrocinadores privados. De los considerados como recursos ordinarios se desglosa la aportación del Ayuntamiento de Santiago de Compostela, que no se materializa en efectivo, ... hace no mucho correspondía a los socios más del 60% de las aportaciones económicas; la incorporación al Patronato de alguna fundación privada y la actualización de las cuotas de algunos patronos insitucionales (Fernández Cerviño, 1997)

A vocación integradora das distintas manifestacións da cultura galega e a escasez de recursos marcou unha determinada maneira de traballar. Tanto a colaboración de voluntarios / as, doantes e depositarios de fondos e as colaboracións de socios e patronos foron unha fonte indispensable para levar á cabo todas as actividades e os servicios do Museo, sempre coordinados co equipo técnico e directivo.

Hablando de recursos humanos suele haber uno o dos becarios y, desde 1995, dos objetores de conciencia asignados también por el Ayuntamiento, ... a ello hay que sumar la participación de los patronos en las actividades científicas y la colaboración discontinua de voluntarios, ... (Fernández Cerviño, 1997)

Os primeiros traballos de cara abrir ás portas do Museo fóron a recollida de material e a rehabilitación do edificio. Unha vez

inagurado a ampliación de fondos para tratar as distintas áreas da cultura material foron obxecto prioritario dos esforzos do Museo.

Inagúranse tres salas nunha primeira fase: cestería, tecido e cerámica. Nunha segunda fase nove meses máis tarde abrénsese as salas do mar e oficios de follalateiros e zoqueiros.

Nos anos venideiros seguirá esta evolución combinando as actividades de difusión científica, os servizos museolóxicos e a apertura de novas salas.

A urxencia de consolidar o Museo como un referente cultural na sociedade galega prima sobre a necesaria investigación e selección dos materiais. Isto hai que poñelo en relación coa escasez de recursos e coa intención de independencia. Os equipos técnicos aínda sen consolidar son presentados coma voluntarios e colaboradores. A idea de traballar pola cultura galega é o motor para desenrollar as actividades que son necesarias para seguir adiante cos traballos de levantar o Museo. Diferentes proxectos sobre distintas áreas de traballo vanse mezclando e dando lugar a presentación das pezas recollidas nas salas ó tempo que as actividades programadas por diferentes organizacións escollen o Museo como sede.

Es habitual la apertura de espacios para la celebración de actividades organizadas por las más diversas entidades, que encuentran en el Museo un marco adecuado, ... (Fernández Cerviño, 1997)

Sendo o Museo a nosa unidade de análise quixemos facer este traballo centrándonos na Sala do Mar por entender que todas estas cuestións vense de forma moi gráfica na

evolución da sala e polas razóns que xa citamos no seu momento.

5. A SALA DO MAR

Galicia, que garda co mar unha verdadeira relación de ósmose, por que este penetra a terra polas mil rías e enseadas en que se quebra a nosa dilatada costa, posúe unha anterga e fonda tradición mariñeira, reflectida en multitude de manifestacións materiais e espirituais. (Guía do visitante, 1995)

Conscientes de lo que el mar y la pesca significan para Galicia, siempre se les concedió una presencia destacada en las actividades del centro. El mundo del mar es, , un referente siempre presente en las actividades del Museo do Pobo Galego, pues una institución que aspira a representar a todos los gallegos no puede ignorar lo que el mar aportó y aporta a la cultura y a la vida de Galicia. (Lema, 1990:25)

5.1. Introducción

O día da Patria galega, 25 de xullo de 1978, nove meses despois da apertura do Museo, inagurouse á Sala do Mar ó tempo que a sala de Oficios II que comprendía pezas dos oficios de zoqueiro e de follalateiro.

A sala foi instalada no antigo reflectorio do convento situado na galería do claustro na planta baixa, oposto á adiacente ó templo no que se instalou o Panteón de Galegos Ilustres. Unha sala en forma de "L" cunha escalinata a un balcón (máis ben púlpito) no centro da sala e outro ó que se accede pola escaleira de Andrade que cadra na base da ele. Conta cuns 68,40 m cadrados. As necesidades de espacio que requiren as pezas como ás embarcacións ou redes fixeron deste espacio o máis idóneo para albergar a Sala do Mar.

A Sala do Mar é o espazo que alberga unha mostra representativa de obxectos e instrumentos relacionados co mundo mariñeiro. Así atopamos antigas embarcacións, moitas delas aínda en uso pero suceptibles de desaparición nun curto espazo de tempo, e utís de pesca e marisqueo coas mesmas características. Centráse a exposición en obxectos que se poden calificar da área productiva relacionada coa pesca e o marisqueo.

A partir da documentación obsérvase dous momentos importantes na configuración da sala: a montaxe inicial coa cal inagúrase a sala, e unha nova montaxe aberta ó público en xaneiro de 1991. Como xa apuntamos, as actividades que se programan dilátanse no tempo e así estas dúas etapas e conformacións dan lugar a tres, xa que ten cabida unha etapa de transición. Así, tras a remodelación engadíronse pezas á exposición e mellorouse o seu discurso a partir das guías didácticas que se fixeron sobre os contidos da sala. Por outra parte, entre unha montaxe e outra pasaron moitas cousas que aportaron elementos novos para a Sala do Mar.

La primera Sala del Mar era exclusivamente el recoger las embarcaciones y meterlas en un lugar donde se pudieran conservar. Esa fue la primera tarea de urgencia que había que hacer necesariamente, por que si no nos quedábamos sin esas piezas, a partir de ahí ya se fue creando una Sala del Mar más coherente con sus fines educativos y de exposición cara al público, despúes se complementó con una serie de otros elementos, aparejos, redes, anzuelos, algunos diseños de como se pesca, etc.

Entonces la sala, una vez que se consiguieron las embarcaciones la transformación ya fue sencilla, simplemente mejorar la forma de exponerlas, añadir complementos, diseños explicativos, falta aún mucho por hacer claro, pero por lo menos ahora está más de acuerdo

con lo que debe ser un museo ... era simplemente un almacén de embarcaciones. (Informante membro do Patronato do Museo)

Quedámonos, pois, con tres períodos básicos: A montaxe inicial, o momento de cambio e peche e, por último, a montaxe actual consecuencia dos avances do Museo e as distintas tendencias na súa xestión.

Por outra banda, podemos presentar a sala en función dos tres eixos cos que se traballa dende o Museo; as actividades desenrolladas, as salas e os servizos museísticos. Para o caso de traballar cunha soa sala centrarémonos nas actividades vinculadas á temática desa sala, ás pezas que contén, e contivo, e ós aspectos que lle concernen dos servizos que o Museo oferta.

Os datos que apoian as nosas descripcións veñen das memorias anuais de xestión, entrevistas persoais con colaboradores e traballadores do Museo, a consulta dos arquivos do Museo e a súa biblioteca, xunto cos seus fondos documentais. A partir destas fontes artellamos a sala nos períodos os que antes faciamos referencia e que abranguen distintas actividades.

	1978 - 86	1987-1991	1991- 1996
Rehabilitación	1978. Inaguración. 1979. Obras de acondicionamento. 1985. Reparación de parámetros.	1988. Reparacións e construción dun balcón de acceso.	1993. Nova carpintería.
Montaxe		1988. Nova instalación da sala. 1991. Apertura da sala cun novo montaxe.	1993. Incorporación dun sistema de vídeo interactivo e un motor de vapor.
Pezas	1978. Recuperación de lancha do xeito e San Cosmeira e outras. 1985. Maquetas de embarcacións e pezas de carpintería de ribeira.	1989. Construción dun conxunto de maquetas reproducindo o proceso de elaboración de unha tarrafa. Doación de maquetas de embarcacións. 1990. Doazóns de pezas do mar e agullas de redes.	1994. Doazón de diferentes utens de pesca.
Investigación	1985 - 86. Bolsas para a documentación das pezas.	Bolsa de investigación de campo. Investigación bibliográfica para a exposición.	
Publicacións	1980. Publicación do primeiro exemplar dos Cadernos do Museo do Pobo Galego.(preparado dende 1978)	1989. Actas do Coloquio de Etnografía marítima. 1989. A Consellería de Pesca doa unha colección de publicacións sobre temas do mar e a pesca. 1990 - 91. Rodaxe e edición do vídeo "A peca do Cerco".	1993. Folleto "ditos e cantigas mariñeiras". 1994. Guía didáctica "As embarcacións tradicionais en Galicia" e "A construción das embarcacións tradicionais". 1992. Vídeo "A pesca con nasas". 1995. Opúsculo "O mar".
Congresos, xornadas, etc.	1979. I Encontro sobre Historia Naval do Noroeste. 1981. Mesa redonda: "Os cambios no mundo mariñeiro". 1981. I Xornadas de maníferos mariños. 1984. Proxección do vídeo " O parque Natural submarino das Illas Cies". 1984. Coloquio de Etnografía marítima.		1993. Colaboración na organización do I Coloquio internacional de Embrcacións tradicionais na Europa atlántica. 1995. Colaboración na organización do II Encontro de embarcacións tradicionais. Programa de educación sobre o medio mariño.
Exposicións temporais	1978 "A Dorna" (intinerante). 1981. Mostra de carteis escolares "Salvemos ás baleas".	1988. Peixes do mar Cantábrico. 1989. O mar da memoria. 1989. Anteprojectos para un centro de acuicultura na Illa de Arousa. 1991. "Onde Galicia é mar"	

5.2. Sala do mar: actividades

O primeiro momento abrangue o acondicionamento do reflectorio, a montaxe da sala é unha serie de actividades relacionadas con ela.

Un segundo momento o podemos situar a partir de 1987 cando comencian a aparecer, nas memorias de xestión, sucesivas referencias ás transformacións que se queren ou están a levarse ó cabo na Sala do Mar. Finalmente no ano 1991 inagúrase a nova montaxe “integral” e no ano 1993 incorpórase unha pantalla de vídeo inactiva como último movemento na montaxe.

Este cadro nos sirve para constatar que a evolución da sala e dos obxectivos con ela relacionados non deu un cambio radical senon máis ben os altibaixos dos cartos e a tardanza en conseguir obxectivos que se formularan xa nos primeiros textos sobre a necesidade e intencións do Museo do Pobo Galego.

Cabe resaltar que nas actividades que aparecen no cadro colaboran o Museo e outras organizacións co fin de darlle saída ás iniciativas de distintos colectivos tal e como vimos nos apartados anteriores.

Tendo presente o cadro vemos que o primeiro período céntrase na organización de xornadas e congresos. Neste momento se está a definir as tarefas propias do Departamento marítimo ó que antes nos referíamos, tarefa, por outra banda, nada doada se atendemos a dispersión do plantexamento inicial das seccións no Museo.

O Departamento marítimo estaba ideado, nun principio, coma parte do departamento de

cultura material que dividiábase na primeira sección: Ecotipos labregos, e a segunda sección: Ecotipos mariñeiros. Esta segunda sección comprendería o perirao, tipos de embarcacións, pesca marítima e pesca fluvial. Unha segunda elaboración do esquema de traballo por áreas nos comezos do organigrama do Museo sintetizaba o tema do mar no Departamento de etnografía material: o mar. Este departamento dividíuse nos apartados de: a navegación, embarcacións, economía marítima, o home e a súa relación co mar e o mar e a arte⁶. Hoxe o Museo ten cinco seccións das que xa falamos.

En menos de un año debería llenar lo que entonces era una gran sala de paredes blancas. ... anduvimos “a la caza” de viejas embarcaciones tradicionales, con la idea de rescatarlas, ... rescatamos, ... dornas, una triñera, dos gamelas dos botes, una chalana. En esas embarcaciones queda el recuerdo de sus constructores y usuarios, ... (Alonso, 1987: 304)

Según comenta o autor, membro do Patronato, a urxencia estaba en rescatar a “cultura material” e ó mesmo tempo obter o material para construír unha exposición permanente co tema do mar en Galicia. Este mesmo plantexamento é o que fai posible a creación en 1979, dende o I Encontro de Historia Naval do Noroeste, a creación do Grupo GANNO, o que xa fixemos referencia.

A idea do “rescate” repítese constantemente, atopamos, en numeroass ocasións, a formulación da necesidade de crear museos etnográficos que preserven o patrimonio tradicional fronte ó crecente proceso de industrialización en Galicia⁷.

⁶ Os datos están no arquivo do Museo como deseños do organigrama anteriores á súa constitución.

⁷ Vease Fariña (1975:322) e Chamoso (1974:33).

A reiteración lévanos a relacionar esta idea co concepto de cultura que se ven manexando no que levamos escrito e que se explicita en moitos dos textos editados polo Museo.

Se entendemos a cultura esencialmente como un mecanismo de adaptación ao medio, que fai posible a satisfacción da necesidades humanas, ... (Memoria dos dez anos, 1987)

(O Museo) ... tenta abranguer e relaciona-la manifestacións humanas no seo dunha comunidade diferenciada, ... para, ... coadxuvar á planificación do futuro colectivo. (Guía do visitante, 1995:3)

Configurado o equipo técnico que permite a coordinación das colaboracións e a canalización das necesidades, pasados dez anos, plantexase a renovación da Sala do Mar cunha nova montaxe.

No que atinxe á sá do mar, pola súa complexidade, o traballo resultou dificultoso. Contrastouse a bibliografía existente, non só dende o aspecto etnográfico, senón tamén desde o económico e biolóxico ou ecolóxico. Todo isto permitirá unha montaxe máis global e dinámica desta sá. (Memoria de actividades, 1989)

Na última etapa os traballos de remodelación levan a configuración en publicacións que amplian os coñecementos das pezas da sala.

No tocante ás actividades podemos concluir que a evolución foi cara á divulgación fronte á recollida de pezas. Primáronse ó longo do tempo máis o concepto que o obxecto e centráronse as colaboracións na temática propia da sala fronte a unha aceptación global do tema do mar.

5.3. Sala do mar: pezas.

As pezas son os obxectos principais do Museo. Tal e como se di nas presentacións do

Museo un dos seus obxectivos fundamentais é a conservación desas pezas e da información que conteñen, a partir delas artéllanse o resto das funcións do Museo.

A división que establecíamos para o agrupamento de pezas tamén nos pode servir para entender os seus movementos na sala. No primeiro momento primaba a peza orixinal, que non única, fronte a reprodución ou o texto. Como vimos máis atrás nas citas as embarcacións representan a plasmación dos esforzos por recoller o material. A cantidade de embarcacións que se chegaron a obter a través de doazóns, depósitos e compras fixo imposible a súa exposición e traslado a Santiago polo que moitas quedaron nos seus portos ou ben foron trasladadas para levar a cabo proxectos de museos marítimos. Aínda hoxe quedan dúas embarcacións desta primeira montaxe noutras dependencias cedidas ó Museo polo Concello de Santiago.

Llegamos a tener, cedidos para el museo, hasta barcos de casi treinta metros, de madera, matices muchos, antiguos veleros convertidos unos en areneros otros abandonados, ... algunos se salvaron en muy mal estado, ...

Las que se pudieron salvar están en el museo y las demás pues se perdieron. ... cogí muchos datos relacionados con la vida de los pescadores, leyendas, costumbres, formas de construir los barcos, etc.

... la mayoría de las personas que ayudaron a montar la Sala do Mar, pues marineros, los dueños de los barcos, todos tuvieron una enorme generosidad hacia el museo la mayoría donaron los barcos. Hubo alguno que los vendió pero por una cantidad simbólica practicamente, y eso es importante que lo digas por que a algunos pescadores cuando les hablabas de la necesidad de crear un museo de que su barco había que conservarlo como testimonio de lo que era las formas de vida de su generación, pues se volcaban en ofrecernos datos, incluso embarcaciones,

llevarnos a donde había restos de otros barcos, así que tenían muchísimo interés y si no hubiese sido por ellos muchos barcos ahora no estarían ahí, por que en esa época el museo no tenía dinero para pagar lo que en realidad valían esas embarcaciones ... (Informante membro do Patronato do Museo)

A parte das embarcacións contábase con redes, nasas, instrumentos de marisqueo diversos, agullas de redes e aparellos de navegación coma rizóns ou salabardos. Tamén había utís de pesca con fío ou liña. A documentación era escasa acompañando á exposición de pezas auténticas estaban algunhas fotos e debuxos dos tipos de pezas mostrados. E, significativamente, aparecía un cartel cos nomes dos doantes e colaboradores que fixeron posible a montaxe.

Nalgúns casos, a medida que se incorporaron novas pezas ós fondos fóronse poñendo na sala seleccionando aquelas que foran singulares e estiveran dentro da liña escollida.

No momento da remodelación se fai, como comprobamos no cadro anterior, grandes esforzos por documentar e aportar novos materiais e temáticas ó mundo do mar. A partir da colaboración da Xunta de Galicia convócanse bolsas de inventario e investigación ó tempo que se establecen novas vías de expresión para difundir ós contidos da sala e a información científica. Estamos á falar da preparación de dous videos e do material para as guías didácticas.

Coa apertura de 1991 aparecen ante o público importantes novidades con respecto á montaxe anterior. Por unha banda aparece a sección adicada ós carpinteiros de ribeira e por outra unha serie de paneis explicativos dos

usos das pezas e das especies de captura. As maquetas aparecen como máis importantes no desenrolo da sala. Principalmente destacan tres embarcacións de tamaño natural e a reprodución do proceso de construción dunha tarrafa⁸.

No tocante á evolución do tipo de pezas veremos que tal e como nos conta F. Hernández a conceptualización do obxecto museístico leva á substitución dos obxectos auténticos por representacións e reproducións. (Hernández, 1994, 75 - 76)

Se no fundamental as pezas non variaron dun periodo a outro, se que foron obxecto de repetidas seleccións. Mentras que no primeiro periodo se prima o obxecto orixinal, na segunda montaxe aparecen as maquetas como elementos ilustrativos de procesos e obxectos secundarios á temática principal; a produción pesqueira. Instálase unha reprodución do proceso de construción dunha tarrafa e varias maquetas de embarcacións, tamén daselle cabida a instrumentos de carpintería de ribeira e reparacións de redes. Por último, a instalación do video interactivo con fotografías agrupadas xeográfica e temáticamente lévanos a pensar na contextualización das pezas no seu ambiente o mesmo que os novos paneis representan as formas de uso e o tipo de capturas. Sen embargo, con estes cambios non podemos afirmar que a sala ofrezca un novo punto de vista sobre a Galicia mariñeira.

Finalmente, no artigo de F. Alonso (1987) que citábamos no apartado anterior só aparece

⁸ A Tarrafa é unha embarcación pesqueira, de motor ou vapor, adicada á arte do cerco máis grande empregada na Costa Norte galega.

unha referencia, xenérica, a outro tipo de pezas ó marxe das embarcacións. Quédanos por dicir que en ambas montaxes as embarcacións orixinais marcan as posibilidades de percorrer a sala nun ou noutro sentido posto que a súa disposición é central o que podemos explicar polas súas dimensións, pero que tamén podemos poñer en correspondencia a súa importancia física coa simbólica.

Se trata, por tanto, de un espacio que tiende a establecer un vínculo causal entre presente y pasado y en el que se plasman las nociones de evolución (el arte acompaña a la humanidad en sus transformaciones), filiación (el arte es vinculación causal entre escuelas, estilos, autores), finalidad (la evolución del arte es teleológica), y orden (el arte expresa el acuerdo sustancial ente el hombre y el mundo). (Zunzunegui, 1994: 40)

Así pois, comparando ambas montxes entendemos as distintas visións e as necesidades ás que se tiveron que facer frente para achegar ó público unha representación da etnografía (productiva) marítima.

5.4. A Sala do mar: servizos

Neste apartado pouco temos que engadir ó xa exposto. O crecemento dos servizos ofertados con relación a esta sala é un dos máis significativos no Museo. Primeiro a oportunidade de contar con paneis explicativos nos que se inclúen as pezas, despois o sistema de vídeo interactivo e os vídeos (videoteca e sala de vídeo) de produción propia e terceiro, as guías didácticas e diferentes publicacións dende o Museo sobre o tema do mar. A meirande parte destas milloras sitúase na última etapa da evolución da sala.

Unha indicación ilustrativa neste apartado, será unha breve introducción das publicacións

de etnografía mariña en relación con Galicia. Manexamos tres fontes de datos principais. Os fondos das bibliotecas do Museo, a recopilação de bibliografía etnográfica de Xosé R. Lema Bendaña⁹ (1990) e o primeiro traballo de antropoloxía pesqueira en Galicia. (Galván, 1989:19)

A característica común nestas recopilações de bibliografía é a escasez de estudos adicados ó tema do mar¹⁰. Da pouca produccón atopada a meirande parte dela publícase nos anos oitenta e apartires de 1990. E, sobre todo, destaca o énfasis que se fai na etnografía fronte o análise dos contextos e sistemas e procesos productivos.

Xa dixemos que no comenzo a idea de organización en seccións agrupaba, en cada unha, aqueles investigadores e eruditos nas distintas áreas coma colaboradores, socios ou patronos. Na sección de ecotipos mariñeiros aparecen dous autores significativos Calo Lourido e F. Alonso. Pensamos que ante a precariedade de das bases de investigación sobre o tema, o camiño escollido polo plano técnico do Museo foi aconsellarse polos expertos e desenrollar unha política global na montaxe das salas. Desenrollouse idea da produccón e dos instrumentos de traballo para o campo e o mar e dunha forma máis concreta nos oficios, o que se viña a facer

⁹ Pareceunos adecuado referirnos a este intento de síntese da bibliografía de tema etnográfico en Galicia posto que aglutina máis de 800 títulos representativos na produccón antropolóxica galega.

¹⁰ "Practicamente non existe bibliografía sobre o sector pesqueiro dende unha perspectiva antropolóxica e non é de extrañar dado que o desenvolvemento xeral de estudos especificamente pesqueiros tanto dende a historia, a socioloxía ou a demografía é practicamente inexistente." (Galván, 1989:19)

tradicionalmente nas exposicións de principios de século e aínda se está a facer nunha grande parte dos museos etnográficos. Polo tanto primaron as claves museolóxicas fronte as científicas. A divulgación fronte á investigación. Xa apuntamos noutro espacio que esta elección ten moito que ver cos obxectivos principais do Museo e o seu plantexamento coma institución cultural de síntese da cultura galega.

6. CONCLUÍNDO

(Os cambios) ... que residen en la variación de las ideas, valores y creencias del individuo, acontecen bien cuando se sufren adaptaciones concretas al medio ambiente, bien cuando se agregan nuevos elementos o se perfeccionan los antiguos por medio de intervenciones (innovación cultural), se toman en préstamo elementos de culturas diferentes (generalmente vecinas) o se dan fallos de transmisión cultural de una generación a la siguiente. (Santana,1997:18)

Según vimos no Museo do Pobo Galego a cultura está intimamente ligada coa produción e a reprodución. Así as salas están montadas en función dos instrumentos utilizados a tal fin. É dicir, aqueles aparatos que o home galego fabricou coa intención de domesticar o medio e obter maiores rendimentos, ou o que é o mesmo, maior adecuación entre necesidades e satisfacción das mesmas. O concepto de cultura manexado e explícito nas distintas publicacións nos di que a cultura é a resposta a determinadas condicións medioambientais, entendido como medio o social e o natural. Este concepto de cultura, que si ben é altamente manexable e aplicable a situacións e obxectos concretos, tamén é o máis adecuado para enmarcar un museo que pretenda mostrar-la diferenza. Neste sentido, o lóxico é que esta

institución céntrase en tres aspectos fundamentais da realidade para levar a diante o seu discurso. Estes son: o medio, a historia e a cultura según aparecen na memoria dos dez anos. Tres variables que posibilitan unha concepción particular da cultura galega. A isto podemoslle engadir unha cuestión sumamente importante á hora de falar de museos e coleccións. ¿Cál é a función da colección de obxectos? Diversos autores dicen que a base do coleccionismo está na necesidade de pervivencia máis alá da propia existencia. O recordo e a historia son fundamentais para a reprodución e baixo a aparencia de vanidad está o desexo de perpetuación.

Nos textos redactados polo Museo aparece constantemente a idea da Galicia ocupada e en proceso de desaparición pola influencia externa. Sexa cal sexa o axente destrucctor para poñer en marcha unha iniciativa deste tipo hai que ter un motivo radical, o desencadenante da manobra que tamén serve como xustificante de todo o proceso.

Hoxe o Museo reconocese en “crisis de crecemento” (Fernández Cerviño,1997). Hoxe o discurso da cultura en perigo de extinción está a ser reelaborado e continúa en proceso de cambio.

Unha mirada dende a prespeciva na que aparecen os museos navais e marítimos pode que enfoque un pouco máis o que estamos a dicir.

A partir, principalmente do s.XX e uns poucos no s.XIX, empezan a inagurarse museos deste tipo. Un dos alicentes para a creación de museos marítimos foi a desaparición da vela como elemento motriz das embarcaciones e

máis tarde a substitución do vapor polo motor de explosión. Considerouse que os museos marítimos teñan o deber de preservar ese patrimonio para dar a coñecer ás xeneracións futuras os tempos heróicos da navegación. (Johnson, 1996)

No mesmo aspecto o autor trata a renovación técnica que no Museo aparece o cambio cultural. O certo é que só aparece o motor de explosión en debuxos e algunha maqueta fronte as embarcacións a vela que ocupan a parte central da sala. Esta cuestión pode ser anecdótica senon fora porque o significado e discurso da sala ven presentar en conxunto o mar coma un elemento de produción para o que se fóron creando distintas ferramentas para a extracción dos distintos produtos mariños. Á marxe dos textos a sala aparece suspendida no tempo e cunha alo de veracidade. Como apuntaba Zunzunegui a temporalidade e espacialidade quedan relegadas baixo a imaxe de coherencia e aparente harmonía.

Nesta sala non se pretende a idea de que a Galicia costeira sexa unha sociedade diferenciada, senon que se pretende mostrar aquelas formas de produción que hoxe están en desuso e que pronto pertencen ó terreo da historia marítima de Galicia. Integrando a costa co campo nun todo diferenciado do exterior da fronteira galega.

¿Qué sentido ten para nós o feito de que, entre todas as posibilidades, para reflexar a cultura mariñeira se optase por esta e non por outra?

Os recursos dispoñibles en cada momento, a formulación duns obxectivos concretos, as

aportacións das distintas partes implicadas van conformando un todo que reacciona ante as circunstancias en cambiocontínuo.

BIBLIOGRAFÍA

ALONSO ROMERO, F.

1981. "Recentes actividades do Departamento Marítimo do Museo do Pobo Galego" en *Coloquio Galego de Museos*. Santiago de Compostela.

ALONSO ROMERO, F.

1987. "Los museos marítimos de Galicia: la sala do mar del Museo do Pobo Galego. Separata de *Lucerna*, 2ª Serie-Vol. II. Porto.

SEIXAS, P.

1997. "Patrimonio, Museu e dialogia" en *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*. Vol. 37 (1-2) Ed. Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia. Porto.

COSTA PÉREZ, E., VILAS OTERO, R. E ZABALETA ESTÉVEZ, M.

1995. *Fichas didácticas: O medio mariño*. Ed. Museo do Pobo Galego. Santiago,.

CHAMOSO LAMAS, M.

1974. *La creación de museos de artes y costumbres populares en Galicia*. Ed. Institución Fernando el Católico. Zaragoza.

FARIÑA FUSTO, F.

1975. "Los Museos gallegos" en *Grial* n 49, T 13.Xullo-Setembro.p. 312-324.

GALVÁN TUDELA, A. (COORD.)

1989. *Vivindo do mar: Antropología de la pesca en Galicia*. Ed. Consellería da Presidencia e Administración Pública. Santiago.

HERNÁNDEZ HERNÁNDEZ, F.

1994. *Manual de museología*. Ed. Síntesis. Madrid.

JOHNSON, WIN.

1996. *Museum* nº4.

LEMA BENDAÑA, X.R.

1990. "Apuntes en aportación a unha bibliografía de tema etnográfico" en *Boletín Auriense XX-XXI*. pp.429-497.

LEMA BOUZAS, L. E X. CERVIÑO, M^a.

1997. "La memoria del mar". en *Revista Proa a la mar*. N^o132, Primer trimestre. Ed. Real Liga Naval Española.

MUSEO DO POBO GALEGO

1987. *O Museo do Pobo Galego. Dez anos de Traballo 1977 - 1987*. Santiago de Compostela.

MUSEO DO POBO GALEGO

1995. *Guía do Museo do Pobo Galego*. Santiago de Compostela.

MUSEO DO POBO GALEGO

1994. *Unidades didácticas: A construción das embarcacións tradicionais*. Santiago de Compostela.

MUSEO DO POBO GALEGO

1994. *Unidades didácticas: As embarcacións tradicionais en Galicia*. Santiago de Compostela.

SANTANA, A.

1997. *Antropología y turismo. ¿Nuevas ordas, viejas culturas?* Ed Ariel., Barcelona.

ZUNZUNEGUI, SANTOS

1994. "Vértigos en la mirada" en *Miscelánea museológica*. Iñaki Díaz Balaredi (Coord). Ed. Universidad del País Vasco.

ZUNZUNEGUI, SANTOS

1990. *Metamorfosis de la mirada. El museo como espacio del sentido*. Alfar. Madrid.